

XX CAMPUS POLIDEPORTIVO-TRAVIESAS

A Fundación Vigo en Deporte pon en marcha a vixésima edición do Campus Polideportivo Traviesas para a práctica deportiva dos/as participantes e de mans das mellores entidades deportivas da cidade.

DATAS E LUGAR

Do 24 ao 28 de xuño no Complexo Deportivo das Travesas.

XORNADA

A xornada é de 9h a 18h dende o luns ao venres.

ACTIVIDADES

Baloncesto, balonmán, voleibol, fútbol sala, hóckey a patíns, deporte adaptado, natación, rugby, bádminton, ciclismo e excursión.

PRAZAS E IDADE

Contamos con 200 prazas para nenos e nenas de entre 6 a 14 anos.

INSCRIPCIÓN

O prezo é de setenta euros (70 €) por neno/a. Inclúe o xantar, unha pequena merenda a media mañá e seguro privado.

A inscrición se realizará nas oficinas da Fundación VIDE coa entrega da folla de inscrición cumprimentada e o resguardo bancario do pago.

A data de inscrición será a partir do 13 de maio, en horario de oficina, por orden de chegada e ata cubrir as prazas, cun máximo de catro solicitudes por persoa.

ENTIDADES DEPORTIVAS COLABORADORAS

Balonmán Seis do Nadal, R.C. Celta Baloncesto, ANPABAL F.C., Vigo Voleibol, Traviesas HC, Amfiv, Vigo Rugby, Bádminton Rachaplumas e Ciclista Vigués

RECOMENDACIÓNS

Os nenos e nenas deberán vestir con calzado e roupa deportiva.

O primeiro día deberán presentarse como moi tarde ás 8.45h e traer: patíns, traxe e gorro de baño, toalla, chancletas e viseira ou gorro. Atendendo a razóns de coidado do medio ambiente agradecemos que cada neno/a veña provisto dun recipiente (vaso, termo, botella reciclable...) para beber a auga embotellada que lle proporcionaremos.

EMPRESAS COLABORADORAS

